

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PROXECTOS EUROPEOS, MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA, ADMINISTRATIVA E AXENDA DIXITAL

En Pontevedra, no Pazo Provincial, sendo as doce horas e vinte minutos do día dezanove de xullo do ano dous mil vinte e catro, asistiron os sres./as. deputados/as seguintes:

Dona Belén Cachafeiro Anta
Don Roberto José Álvarez Carrero
Dona Luisa María Sánchez Méndez
Don Rafael Domínguez Artime
Don Jorge Cubela López
Dona María Pilar Ramallo Vázquez
Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso
Dona María Nava Castro Domínguez
Don Jesús Vázquez Almuiña
Don Javier Iglesias Mougán, en substitución de Ana Laura Iglesias González
Don Carlos Gómez Prado
Dona Digna Rosa Rivas Gómez
Don Paco Ferreira González
Don Gregorio Luis Agís Gómez
Dona Nuria Rodríguez Rodríguez
Dona Beatríz Lomba Rodríguez
Dona María Ortega Iñarrea

Actuou como presidenta da Comisión Informativa Dona Belén Cachafeiro Anta, actuando como secretario Don Luis Feijoo García.

Aberta a sesión pola Sra. presidenta, pásase ao estudo da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1. Aprobación do borrador da acta da reunión ordinaria do 21 de xuño de 2024 (Exp. n. 2023057882).

Por unanimidade dos asistentes apróbase a acta da anterior sesión, ordinaria, do día vinte e un de xuño de dous mil vinte e catro.

2. Dar conta da aprobación provisional, por parte do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, do proxecto de mellora patrimonial do Castelo



de Soutomaior a través da iluminación, a accesibilidade e tecnoloxías de realidade virtual, no marco do Programa de mellora da competitividade e de dinamización do Patrimonio Histórico con uso turístico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (**Expte. nº 2023029628**).

A Comisión informativa queda enterada desde punto.

3. Dar conta da presentación do proxecto "TouristTech destino Rías Baixas" na convocatoria de axudas para o despregamento de plataformas tecnolóxicas e solucións dixitais nos destinos da Rede de Destinos Turísticos Intelixentes, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (**Expte. nº 2024045149**).

A Comisión informativa queda enterada tamén desde punto.

4. Dar conta da aprobación, por parte da Secretaría de Estado de Turismo, do proxecto Praias sen límites: experiencias turísticas atemporales para reducir a estacionalidade dentro do Plan de Modernización e Competitividade do sector turístico que se financia cos fondos Next Generation EU, a (**Expte. nº 2023058942**).

A Comisión informativa tamén queda enterada tamén desde punto.

5. Dar conta da Resolución Presidencial nº 2024005343, de 24 de xuño de 2024, pola que se ordena a entrega do portal de transparencia personalizado para cada concello da provincia de Pontevedra, adherido ao convenio marco de colaboración para desenvolver as actuacións destinadas á transformación dixital e modernización das entidades locais incluídas nas liñas estratéxicas da Orde Ter/836/2022, Compoñente 11, Investimento 3, enmarcado no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (**Expte. nº 2023059145**).

A Comisión informativa queda enterada tamén desde punto.

6. Dar conta da Resolución Presidencial nº 2024005344, de 24 de xuño de 2024, pola que se ordena a entrega da plataforma de axendas municipais para a xestión, análise e presentación dos indicadores de Axenda Urbana e Obxectivos de Desenvolvemento Sostibles (ODS), a cada concello da provincia de Pontevedra, adherido ao convenio marco de colaboración para desenvolver as actuacións destinadas á transformación dixital e modernización das entidades locais incluídas nas liñas estratéxicas da Orde Ter/836/2022, Compoñente 11, Investimento 3, enmarcado no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (**Expte. nº 2023059145**).

A Comisión informativa tamén queda enterada tamén desde punto.



7. Rogos e preguntas.

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, a presidencia da por finalizada a reunión, sendo as doce horas e vinte e dous minutos, do que, como secretario, dou fe.

O SECRETARIO

Vº. e PR. A PRESIDENTA

